

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15032807	IES do Milladoiro	Ames	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Música	4º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	8
4.1. Concrecións metodolóxicas	24
4.2. Materiais e recursos didácticos	24
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	25
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	25
6. Medidas de atención á diversidade	26
7.1. Concreción dos elementos transversais	27
7.2. Actividades complementarias	28
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	29
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	30
9. Outros apartados	30

Borrador

1. Introducción

Esta programación baséase no determinado no Decreto 156/2022, de 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Os contidos do curso artículanse en tres bloques:

- "Escoita e percepción": contidos indispensables para desenvolver o concepto de identidade cultural a través da exposición a diferentes propostas audiovisuais que permitan o achegamento do patrimonio musical e dancístico como fonte de inspiración e coñecemento das posibilidades da arte, e como medio de expresión de sentimentos e emocións.

- «Interpretación, improvisación e creación escénica»: con este bloque de contidos preténdese a aprendizaxe de conceptos clave da linguaxe musical desde o entendemento da aula como un espazo dinámico no que o alumnado se sinta cómodo expresando as súas ideas, tanto a través da utilización meditada do seu corpo e dos instrumentos musicais, coma do uso libre de distintas linguaxes. Aprender a música a través da experiencia de ser músico, baseándonos no traballo por proxectos grupais.

- «Contextos e culturas»: aproximación aos diferentes xéneros e estilos musicais máis representativos do patrimonio musical. Con este bloque propónse un achegamento de maneira global e ordenada ás diferentes manifestacións musicais producidas ao longo da historia, tanto por mulleres como por homes; un achegamento que ofrezca unha visión da importancia da arte como medio de expresión.

Neste 4º curso de ESO, a materia centrarase nun coñecemento máis profundo da música a través da interpretación instrumental, vocal ou dancística, da creación, da improvisación, das aplicacións tecnolóxicas e dixitais, da escoita activa e da análise crítica e reflexiva de obras ou fragmentos musicais, escénicos ou dancísticos de diferentes estilos e culturas do mundo, facendo especial fincapé nas manifestacións musicais de Galicia e de España.

O principal obxectivo desta programación e unidades didácticas, é a creación dun público crítico que saiba valorar a calidade das músicas que escoita e os medios de comunicación que escolle para a súa reprodución, e isto articulado a través da experiencia de ser músico ou bailarín, de comprender o oficio e de saber poñerse no lugar de traballo dos artistas.

Neste curso 23-24 o grupo de 4º ESO está formado por 10 alumnos e alumnas. Normalmente o alumnado de 4º ESO adoita ter un bo nivel xa que leva dous anos estudando música no centro; este curso observo que é así, coa excepción dunha alumna que ten a materia pendente de terceiro e presenta máis dificultades.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Analizar obras de diferentes épocas e culturas identificando as súas principais características estilísticas e establecendo relacións co seu contexto, para valorar o patrimonio musical e dancístico como fonte de gozo e de enriquecemento persoal.	2-3	3		1-2	3	1		1-2
OBX2 - Explorar as posibilidades expresivas de diferentes técnicas musicais e dancísticas, a través de actividades de improvisación, para incorporalas ao repertorio persoal de recursos e desenvolver un criterio de selección das técnicas máis adecuadas á intención expresiva.	1			2	1-3	1	3	3
OBX3 - Interpretar pezas musicais e dancísticas xestionando adecuadamente as emocións e empregando diversas estratexias e técnicas vocais, corporais ou instrumentais, para ampliar as posibilidades de expresión persoal.	1			2	1-3	1	1	3

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Crear propostas artístico-musicais, de xeito individual ou grupal, empregando a voz, o corpo, instrumentos musicais e ferramentas tecnolóxicas para potenciar a creatividade e identificar oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional.	1		3	2	3	1	1-3	3-4
OBX5 - Coñecer, valorar e respectar o patrimonio artístico e musical de Galicia e da contorna, a través das achegas relevantes na cultura e na sociedade galegas, para apreciar a importancia do noso acervo dentro dos procesos de globalización.	1-2	2-3		1	1-3	1	3	1-2-3

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Silencio y ruido	<p>Unidade introductoria aos elementos que conforman a existencia da música: o son, o ruído e o silencio. Tamén aos contidos relacionados coa súa práctica: escoita activa e, posterior análise reflexiva dos parámetros que conforman a música e da súa práctica interpretativa.</p> <p>Nesta unidade, e desde unha perspectiva sensible e crítica, o alumnado reflexionará sobre a importancia do silencio, as causas da contaminación sonora e o uso indiscriminado da música. Así mesmo, retomará o contacto coa linguaxe musical, coa lectura e a interpretación instrumental ou vocal.</p> <p>Ademais, servirá de avaliación inicial dos coñecementos acadados polo alumnado nos cursos anteriores</p>	5	4	X		
2	As mulleres na Música, os homes na Danza	<p>Con esta unidade, no inicio do curso, preténdese desmitificar os roles de xénero e romper os estereotipos tan ligados á música e á danza, e que, a día de hoxe, aínda están sumamente arraigados na sociedade. A través dunha viaxe pola historia da música ata a actualidade, saberemos da existencia de grandes compositoras e intérpretes mulleres que quedaron no esquecemento, de como o ballet nace sendo masculino, entouques</p>	5	5	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	As mulleres na Música, os homes na Danza	hoxe en día as academias de ballet adoecen da falta de alumnos varóns, a pesar de que ao longo da historia son os que recibiron o recoñecemento como coreógrafos. Así mesmo, reflexionaremos sobre a situación actual das mulleres na música e dos homes na danza. Isto farémolo a través da investigación, do visionado, da escoita activa, da análise crítica e da interpretación musical e dancística.	5	5	X		
3	O Jazz. Orixes e evolución	Nesta unidade coñeceremos as orixes do Jazz, as súas características e a súa evolución e influencia nos estilos que deron lugar á música popular. E farémolo a partir dun coñecemento básico e xeral das súas especificidades, dunha selección de artistas, compositoras e compositores, e intérpretes máis emblemáticos de EE UU, Europa, España e Galicia; da escoita activa e da análise crítica e reflexiva de audicións representativas dos diferentes estilos, da linguaxe musical, da lectura rítmica e melódica de partituras e da interpretación e improvisación vocal e instrumental.	10	9		X	
4	A música popular urbana	Nesta unidade achegarémonos á música popular urbana desde a súa orixe ata a actualidade por medio dun coñecemento práctico tanto dos principais estilos e das súas características definitorias como dunha selección entre os diferentes grupos, compositoras e compositores, e intérpretes máis emblemáticos de EE UU, Europa, España e Galicia. A través da interpretación vocal, instrumental e coreográfica, da composición musical e coreográfica, da escoita activa e do visionado, da análise reflexiva e crítica de audicións ilustrativas e das súas linguaxes (estética, xestual e textual); e na linguaxe musical, a rítmica, a melódica, a harmónica e a organolóxica.	10	9		X	
5	A música nos medios e producións audiovisuais	Nesta unidade coñeceremos a presenza, funcións e importancia da música nos diferentes medios audiovisuais e tecnolóxicos: cinema, radio, televisión, publicidade, vídeoxogos, videoclips, etc. Ademais, e desde unha perspectiva histórica, faremos un percorrido xeral pola historia da música no cine, e achegarémonos ás orixes da evolución, ata actualidade, dos máis importantes sistemas de gravación e reprodución de son e imaxes, e das ferramentas dixitais actuais	10	9	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	A música nos medios e producións audiovisuais	para a recepción, gravación e edición musical. Así mesmo, coñeceremos o papel que desempeñaron e desempeñan estes medios, a industria discográfica e a internet na difusión da música. Isto faremolo a través do visionado, da escoita activa e da análise crítica de diferentes manifestacións musicais nos diversos medios. Tamén, a través da interpretación e da creación de proxectos audiovisuais onde a música sexa a protagonista.	10	9	X		
6	As músicas do mundo	A música é inherente ao ser humano. En todas as culturas do mundo, a música forma parte da vida das persoas; é un reflexo da súas tradicións, dos seus costumes, da súa propia idiosincrasia. Nesta unidade coñeceremos as tradicións, os instrumentos e as linguaxes musicais das culturas máis emblemáticas. A través do coñecemento das características definitorias de cada cultura, e con apoio do visionado, da escoita activa, da análise crítica, da improvisación e interpretación musical e dancística, coñeceremos máis o noso mundo. Ademais, tomaremos conciencia de que as diferenzas culturais son unha riqueza, e de que o que en aparencia parece separarnos, en realidade forma parte da nosa esencia.	5	5		X	
7	A música e a danza en Galicia	Nesta unidade aprenderemos a diversidade e riqueza das manifestacións musicais e dancísticas da música culta, popular e tradicional galega. A partir dun coñecemento básico dos períodos, das características principais, dos xéneros e estilos, das voces, dos instrumentos e agrupacións, das compositoras e compositores, achegarémonos ás mostras máis emblemáticas do noso acervo musical e dancístico. A través do visionado, da audición activa, da análise de audicións e partituras, da interpretación musical e dancística, coñeceremos as formas, as harmonías, as texturas e os elementos da linguaxe musical máis presentes na música galega.	5	4			X
8	A música e a danza en España	Nesta unidade aprenderemos a grande diversidade e riqueza das manifestacións musicais e dancísticas da música tradicional española. A partir dun coñecemento básico dos períodos, das características principais, dos xéneros e estilos, das voces, dos instrumentos e	25	22	X	X	X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
8	A música e a danza en España	agrupacións, das compositoras e compositores, achegarémonos ás mostras máis emblemáticas do acervo musical e dancístico do noso país. A través do visionado, da audición activa, da análise de audicións e partituras, da interpretación musical ou dancística coñeceremos as formas, as harmonías, as texturas e os elementos da linguaxe musical máis presentes na música española.	25	22	X	X	X
9	A música nas artes escénicas	Nesta unidade estudaremos as artes escénicas nas que está presente a música: a danza contemporánea, o ballet, a ópera e as súas variantes, o musical etc. A través dun coñecemento básico das súas especificidades, do visionado de exemplos ilustrativos, da interpretación vocal, instrumental, coreográfica e dancística, aprenderemos a importancia, presenza e función que desempeña a música en todas elas. Así mesmo, coa planificación, realización, participación, actuación e gravación de propostas musico-escénicas e coreográfico-dancísticas o alumnado adquirirá significativamente os contidos e tomará plena conciencia da importancia da música nestas artes.	5	9			X
10	Todos a escena!	Esta unidade é transversal para todo o curso. O alumnado irá facendo ao longo do ano un repertorio de pezas extraído das diferentes unidades didácticas nas que a interpretación instrumental, vocal ou dancística estea presente. Este repertorio será interpretado en público cara o final do curso ou en diferentes momentos segundo as circunstancias ou evolución do alumnado. Os concertos ou as postas en escena serán produto do traballo colaborativo (formación orquestral, coral ou grupal no que aos contidos de danza se refire). A posibilidade da gravación e posterior edición de cada posta en escena servirá de peche do proceso creativo e contribuirá ao desenvolvemento persoal do alumnado.	10	20	X	X	X
11	A linguaxe da música	Esta unidade é transversal para todo o curso, xa que está implícita na maioría das unidades didácticas. Abrangue os contidos do coñecemento práctico da linguaxe da música, da harmonía, da forma e da textura. A partir da análise, lectura e interpretación de partituras o alumnado aprenderá os contidos rítmicos, melódicos, harmónicos, etc., que lle permitirán crear, interpretar, entender e coñecer dende unha	10	9	X	X	X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
11	A linguaxe da música	perspectiva máis técnica as diferentes manifestacións musicais.	10	9	X	X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Silencio y ruido	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Valorar os efectos que provoca a polución sonora e o consumo indiscriminado de música, analizando os contextos nos que se producen e a súa incidencia nos hábitos saudables de escoita.	Distinguir os efectos que o uso indiscriminado da música e da contaminación sonora provoca na saúde das persoas a partir da análise de contextos nos que se reflicte a súa incidencia	PE	40
CA2.3 - Ler partituras sinxelas, identificando os elementos básicos da linguaxe musical e analizando de forma guiada as estruturas das pezas, con ou sen apoio da audición.	Ler células rítmicas básicas (negras, corcheas, semicorcheas) co sentido do pulso en clave de sol (Do4-Do5) Analizar e describir os elementos básicos dunha partitura: ritmo, melodía, símbolos musicais	TI	60
CA2.4 - Empregar diferentes técnicas de interpretación vocal, corporal ou instrumental, aplicando estratexias de memorización e valorando os ensaios como espazos de escoita e de aprendizaxe.	Empregar as técnicas básicas da interpretación individual e grupal, instrumental (placas, frauta ou outros) e vocal (afinación) co uso da memoria rítmica e melódica, e a lectura de partituras.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O silencio, o son, o ruído e a escoita activa. Sensibilización e actitude crítica ante a polución sonora e o consumo indiscriminado de música. - Uso práctico a través da análise dos elementos da linguaxe musical nas obras traballadas: parámetros do son, harmonía, textura, forma. - Actitude de respecto e valoración na recepción musical. - A partitura: lectura rítmica e melódica. A escritura musical. - Técnicas básicas para a interpretación individual e grupal: técnicas vocais, instrumentais (instrumentos orff ou outros obxectos de son), corporais con ou sen movemento e dancísticas. Técnicas de estudo e de control de emocións. - Silencio, escoita activa, interiorización do pulso, atención ás indicacións da dirección e ao resto dos intérpretes, memoria, adecuación ao conxunto, empaste.

UD	Título da UD	Duración
2	As mulleres na Música, os homes na Danza	5

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Valorar criticamente os hábitos, os gustos e os referentes musicais e dancísticos de diferentes épocas e culturas, reflexionando sobre a súa evolución e sobre a súa relación cos do presente e desmitificando os estereotipos referidos aos roles de xénero no ámbito da música e da danza.	Valorar criticamente, a partir dunha perspectiva histórica e cultural, a discriminación que sufriron e sofren mulleres e homes no mundo da música e da danza. Reflexionar sobre posibles solucións.	PE	40
CA1.5 - Coñecer, respectar e valorar aos axentes que interveñen no proceso creativo e interpretativo dunha obra artística, musical, escénica e dancística, a través do patrimonio cultural propio e alleo, identificando os trazos estilísticos que os caracterizan.	Recoñecer, valorar e respectar os axentes que interveñen nunha obra musical ou dancística, e os seus rasgos estilísticos básicos.		
CA1.1 - Analizar obras ou fragmentos, musicais e dancísticos de diferentes épocas e culturas, gravados ou en directo, identificando os seus trazos estilísticos e os seus aspectos técnicos, explicando a súa relación co contexto e evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na escoita ou no visionamento destas.	Analizar os aspectos técnicos e estilísticos a partir da escoita ou visionado de obras ou fragmentos traballados na unidade, nos que as mulleres na música e os homes na danza son protagonistas.	TI	60
CA2.5 - Interpretar con corrección e expresividade un repertorio de pezas musicais e dancísticas, individuais e grupais, de diferentes xéneros e estilos, dentro e fóra da aula, xestionando a ansiedade e o medo escénico e mantendo a concentración.	Interpretar con respecto e corrección técnica en formación orquestral ou vocal unha obra ou fragmento dunha compositora, e unha danza.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Obras musicais, escénicas e dancísticas: análise descritiva das súas características máis relevantes. Xéneros musicais e dancísticos. - Comentario razoado, crítico e respectuoso, tanto verbal coma escrito -uso de vocabulario adecuado-, de eventos musicais, coreográficos e escénicos, gravados ou en directo, propios ou alleos. - Compositores e compositoras, artistas, intérpretes e agrupacións internacionais, nacionais, rexionais e locais, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia. - Mitos, estereotipos e roles de xénero transmitidos a través da música e da danza. - Estratexias de procura, selección e reelaboración de información fiable, pertinente e de calidade. - Actitude de respecto e valoración na recepción musical. - Técnicas básicas para a interpretación individual e grupal: técnicas vocais, instrumentais (instrumentos orff ou outros obxectos de son), corporais con ou sen movemento e dancísticas. Técnicas de estudo e de control de emocións. - O ensaio: espazo de escoita activa e de aprendizaxe. - Actitudes de respecto, compromiso e colaboración na participación activa en actividades musicais e durante todo o

Contidos

- proceso, desde a planificación e a preparación ata a posta en escena.

UD	Título da UD	Duración
3	O Jazz. Orixes e evolución	9

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Analizar obras ou fragmentos, musicais e dancísticos de diferentes épocas e culturas, gravados ou en directo, identificando os seus trazos estilísticos e os seus aspectos técnicos, explicando a súa relación co contexto e evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na escoita ou no visionamento destas.	Analizar obras ou fragmentos da música Jazz, traballados na unidade, identificando as características básicas e os rasgos estilísticos que os definen.	PE	40
CA1.4 - Coñecer a organización, os procedementos e os elementos da linguaxe musical e dancística que nos permiten analizar e encadrar unha obra artística ou un fragmento no contexto cultural e histórico ao que pertence, utilizando ferramentas dixitais de recepción e de procura fidedigna de información.	Coñecer os elementos da linguaxe musical que caracterizan o Jazz, impartidos na unidade, a través da análise de partituras e das ferramentas dixitais aplicadas á escoita e á investigación.		
CA3.2 - Coñecer e valorar criticamente todo tipo de manifestacións musicais e escénicas do século XX ata a actualidade, tanto no cinema coma na música popular urbana e noutros medios artísticos, audiovisuais e tecnolóxicos, a través da identificación das súas especificidades e reflexionando sobre a súa evolución e a súa relación cos do presente.	Coñecer a orixe e evolución do Jazz nos diferentes estilos, as súas características máis representativas e as compositoras, compositores e intérpretes destacados de EE UU, Europa, España e Galicia.		
CA1.5 - Coñecer, respectar e valorar aos axentes que interveñen no proceso creativo e interpretativo dunha obra artística, musical, escénica e dancística, a través do patrimonio cultural propio e alleo, identificando os trazos estilísticos que os caracterizan.	Manter o silencio e o respecto nas actividades de escoita, visionado, análise e improvisación, valorando o patrimonio cultural da música Jazz través da identificación das súas especificidades.	TI	60
CA2.1 - Participar, con iniciativa, confianza e creatividade, na exploración de técnicas musicais e dancísticas de maior complexidade, por medio da interpretación e de improvisacións libres e pautadas, individuais ou grupais, nas que se empreguen a voz, o corpo, instrumentos musicais ou ferramentas tecnolóxicas.	Interpretar con corrección e expresividade en formación orquestral ou vocal unha peza de Jazz. Improvisar individualmente sobre un estándar de jazz seguindo as pautas dadas.		
CA2.2 - Elaborar pezas musicais ou dancísticas estruturadas a partir de actividades de improvisación, seleccionando as técnicas do repertorio persoal de recursos máis adecuadas á intención expresiva.	Interpretar coreográficamente unha peza estruturada, empregando elementos improvisados pautados ou libres traballados na unidade.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Ler partituras sinxelas, identificando os elementos básicos da linguaxe musical e analizando de forma guiada as estruturas das pezas, con ou sen apoio da audición.	Ler partituras ou fragmentos de melodías de jazz traballados na aula, identificando os seus elementos rítmicos, harmónicos e formais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Obras musicais, escénicas e dancísticas: análise descritiva das súas características máis relevantes. Xéneros musicais e dancísticos. - Uso práctico a través da análise dos elementos da linguaxe musical nas obras traballadas: parámetros do son, harmonía, textura, forma. - Voces e instrumentos. Evolución, características e agrupacións. Relevancia nas distintas etapas. - Compositores e compositoras, artistas, intérpretes e agrupacións internacionais, nacionais, rexionais e locais, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia. - Concertos, actuacións musicais e manifestacións artístico-musicais en vivo e rexistradas. - Actitude de respecto e valoración na recepción musical. - A partitura: lectura rítmica e melódica. A escritura musical. - Coñecemento práctico dos elementos da linguaxe musical como instrumento efectivo nas actividades de creación e interpretación: signos convencionais de representación dos parámetros do son (altura, intensidade e duración). - Tonalidade: modulación, intervalos, acordes, funcións harmónicas, progresións harmónicas, cadencias. Escalas modais. - Texturas musicais. Formas musicais simples e complexas. Agónica e dinámica. - Técnicas básicas para a interpretación individual e grupal: técnicas vocais, instrumentais (instrumentos orff ou outros obxectos de son), corporais con ou sen movemento e dancísticas. Técnicas de estudo e de control de emocións. - Técnicas de improvisación guiada e libre, individuais e grupais: improvisación rítmica e melódica, vocal, instrumental (instrumentos orff ou outros obxectos de son) e corporal con ou sen movemento e dancística. - Silencio, escoita activa, interiorización do pulso, atención ás indicacións da dirección e ao resto dos intérpretes, memoria, adecuación ao conxunto, empaste. - O ensaio: espazo de escoita activa e de aprendizaxe. - Repertorio vocal, instrumental (instrumentos orff ou outros obxectos de son), corporal e coreográfico tanto individual coma grupal de distintos xéneros musicais e escénicos, de diferentes épocas e culturas, con especial atención á música galega. - Actitudes de respecto, compromiso e colaboración na participación activa en actividades musicais e durante todo o proceso, desde a planificación e a preparación ata a posta en escena. - Blues, ragtime e jazz: inicios destes estilos, evolución e fusión. O jazz nos Estados Unidos, en Europa, en España e en Galicia.

UD	Título da UD	Duración
4	A música popular urbana	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Analizar obras ou fragmentos, musicais e dancísticos de diferentes épocas e culturas, gravados ou en directo, identificando os seus trazos estilísticos e os seus aspectos técnicos, explicando a súa relación co contexto e evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na escoita ou no visionamento destas.	Analizar a partir da escoita ou visionado as características traballadas na unidade (musicais estilísticas, técnicas e estéticas dos xéneros máis emblemáticos), encadrándoos no contexto.		
CA1.4 - Coñecer a organización, os procedementos e os elementos da linguaxe musical e dancística que nos permiten analizar e encadrar unha obra artística ou un fragmento no contexto cultural e histórico ao que pertence, utilizando ferramentas dixitais de recepción e de procura fidedigna de información.	Coñecer os elementos básicos da linguaxe musical que caracterizan a música popular, impartidos na unidade.	PE	40
CA3.2 - Coñecer e valorar criticamente todo tipo de manifestacións musicais e escénicas do século XX ata a actualidade, tanto no cinema coma na música popular urbana e noutros medios artísticos, audiovisuais e tecnolóxicos, a través da identificación das súas especificidades e reflexionando sobre a súa evolución e a súa relación cos do presente.	Coñecer a música popular e os seus diferentes estilos/xéneros, as súas características máis representativas e os/as compositores/as e intérpretes máis salientables de EE UU, Europa, España e Galicia.		
CA1.5 - Coñecer, respectar e valorar aos axentes que interveñen no proceso creativo e interpretativo dunha obra artística, musical, escénica e dancística, a través do patrimonio cultural propio e alleo, identificando os trazos estilísticos que os caracterizan.	Manter o silencio e o respecto nas actividades de escoita, análise e visionado valorando o patrimonio cultural da música popular a través da identificación das súas especificidades.		
CA2.1 - Participar, con iniciativa, confianza e creatividade, na exploración de técnicas musicais e dancísticas de maior complexidade, por medio da interpretación e de improvisacións libres e pautadas, individuais ou grupais, nas que se empreguen a voz, o corpo, instrumentos musicais ou ferramentas tecnolóxicas.	Interpretar en grupo con corrección e expresividade en formación orquestral ou vocal unha peza de música popular.	TI	60
CA2.3 - Ler partituras sinxelas, identificando os elementos básicos da linguaxe musical e analizando de forma guiada as estruturas das pezas, con ou sen apoio da audición.	Ler as partituras ou os fragmentos de cancións da música popular, que fosen traballados na unidade, identificando os seus elementos rítmicos, harmónicos, e formais.		
CA2.4 - Empregar diferentes técnicas de interpretación vocal, corporal ou instrumental, aplicando estratexias de memorización e valorando os ensaios como espazos de escoita e de aprendizaxe.	Interpretar instrumental, vocal ou corporalmente e de memoria unha canción empregando as técnicas adecuadas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Obras musicais, escénicas e dancísticas: análise descritiva das súas características máis relevantes. Xéneros musicais e dancísticos. - Uso práctico a través da análise dos elementos da linguaxe musical nas obras traballadas: parámetros do son, harmonía, textura, forma.

Contidos

- Voces e instrumentos. Evolución, características e agrupacións. Relevancia nas distintas etapas.
- Compositores e compositoras, artistas, intérpretes e agrupacións internacionais, nacionais, rexionais e locais, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia.
- Concertos, actuacións musicais e manifestacións artístico-musicais en vivo e rexistradas.
- Actitude de respecto e valoración na recepción musical.
- A partitura: lectura rítmica e melódica. A escritura musical.
- Coñecemento práctico dos elementos da linguaxe musical como instrumento efectivo nas actividades de creación e interpretación: signos convencionais de representación dos parámetros do son (altura, intensidade e duración).
- Tonalidade: modulación, intervalos, acordes, funcións harmónicas, progresións harmónicas, cadencias. Escalas modais.
- Texturas musicais. Formas musicais simples e complexas. Agónica e dinámica.
- Técnicas básicas para a interpretación individual e grupal: técnicas vocais, instrumentais (instrumentos orff ou outros obxectos de son), corporais con ou sen movemento e dancísticas. Técnicas de estudo e de control de emocións.
- Silencio, escoita activa, interiorización do pulso, atención ás indicacións da dirección e ao resto dos intérpretes, memoria, adecuación ao conxunto, empaste.
- O ensaio: espazo de escoita activa e de aprendizaxe.
- Repertorio vocal, instrumental (instrumentos orff ou outros obxectos de son), corporal e coreográfico tanto individual coma grupal de distintos xéneros musicais e escénicos, de diferentes épocas e culturas, con especial atención á música galega.
- Actitudes de respecto, compromiso e colaboración na participación activa en actividades musicais e durante todo o proceso, desde a planificación e a preparación ata a posta en escena.
- Músicas populares, urbanas e contemporáneas. Orixe, antecedentes, evolución.

UD	Título da UD	Duración
5	A música nos medios e producións audiovisuais	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Analizar obras ou fragmentos, musicais e dancísticos de diferentes épocas e culturas, gravados ou en directo, identificando os seus trazos estilísticos e os seus aspectos técnicos, explicando a súa relación co contexto e evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na escoita ou no visionamento destas.	Analizar e identificar a partir da escoita e visionado as características máis definitorias de exemplos musicais da historia da música no cine e nos medios audiovisuais, encadrándoos no contexto.	PE	40

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Coñecer e valorar criticamente todo tipo de manifestacións musicais e escénicas do século XX ata a actualidade, tanto no cinema coma na música popular urbana e noutros medios artísticos, audiovisuais e tecnolóxicos, a través da identificación das súas especificidades e reflexionando sobre a súa evolución e a súa relación cos do presente.	Coñecer a importancia e función da música, desde unha perspectiva histórica, nos diferentes medios audiovisuais e tecnolóxicos: cinema, radio, televisión, etc., así como na actualidade.		
CA1.5 - Coñecer, respectar e valorar aos axentes que interveñen no proceso creativo e interpretativo dunha obra artística, musical, escénica e dancística, a través do patrimonio cultural propio e alleo, identificando os trazos estilísticos que os caracterizan.	Manter o silencio e o respecto nas actividades de escoita, visionado e análise, valorando a través da identificación das súas especificidades as producións audiovisuais propias ou alleas.		
CA2.6 - Planificar e desenvolver, con creatividade, propostas artístico-musicais, tanto individuais coma colaborativas, seleccionando, de entre os dispoñibles, os medios musicais e dancísticos máis oportunos, así como as ferramentas analóxicas ou dixitais máis adecuadas, respectando e valorando o consumo responsable nas diferentes plataformas e redes sociais.	Realizar con creatividade unha proposta audiovisual usando as ferramentas tecnolóxicas e dixitais axeitadas e as interpretacións ou elementos interpretativos musicais e dancísticos, propios ou alleos.	TI	60
CA2.7 - Participar activamente na planificación e na execución de propostas artístico-musicais colaborativas, asumindo diferentes funcións, valorando as achegas do resto de integrantes do grupo e identificando diversas oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional.	Participar na realización dunha proposta audiovisual artístico-musical colaborativa, respectando as achegas e as producións dos compañeiros.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Acción escénica e coreográfica, espazo sonoro, interpretación expresiva e técnica, acción narrativa, escenografía, iluminación, útiles, caracterización e vestuario. - Compositores e compositoras, artistas, intérpretes e agrupacións internacionais, nacionais, rexionais e locais, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia. - Concertos, actuacións musicais e manifestacións artístico-musicais en vivo e rexistradas. - Ferramentas dixitais para a recepción musical: diferentes soportes audiovisuais. - Estratexias de procura, selección e reelaboración de información fiable, pertinente e de calidade. - Actitude de respecto e valoración na recepción musical. - O ensaio: espazo de escoita activa e de aprendizaxe. - Planificación e execución de proxectos musicais e audiovisuais: emprego da voz, do corpo, dos instrumentos musicais, dos medios e das aplicacións tecnolóxicas. - Repertorio vocal, instrumental (instrumentos orff ou outros obxectos de son), corporal e coreográfico tanto individual coma grupal de distintos xéneros musicais e escénicos, de diferentes épocas e culturas, con especial atención á música galega. - Valores e hábitos de consumo responsable nas plataformas dixitais e nas redes sociais musicais.

Contidos

- Recursos para a creación e gravación de produtos musicais e audiovisuais. Ferramentas dixitais para a creación musical. Secuenciadores, editores de partituras e aplicacións informáticas.
- O son e a música nos medios audiovisuais e nas tecnoloxías dixitais. A música ao servizo doutras artes e linguaxes.

UD	Título da UD	Duración
6	As músicas do mundo	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Analizar obras ou fragmentos, musicais e dancísticos de diferentes épocas e culturas, gravados ou en directo, identificando os seus trazos estilísticos e os seus aspectos técnicos, explicando a súa relación co contexto e evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na escoita ou no visionamento destas.	Analizar a través da escoita ou visionado obras ou fragmentos da música das culturas máis emblemáticas, identificando as súas características básicas, instrumentos e rasgos estilísticos que os definen	PE	40
CA1.4 - Coñecer a organización, os procedementos e os elementos da linguaxe musical e dancística que nos permiten analizar e encadrar unha obra artística ou un fragmento no contexto cultural e histórico ao que pertence, utilizando ferramentas dixitais de recepción e de procura fidedigna de información.	Coñecer a través da investigación, da análise de partituras e da escoita ou visionado, os elementos da linguaxe musical e dancística que caracterizan a música das diferentes culturas.		
CA3.1 - Coñecer a historia da música en España, en Galicia e noutras culturas do mundo a través de obras ou fragmentos musicais e dancísticos, identificando os seus principais trazos estilísticos e características, explicando a súa relación co contexto no que foron creados e manifestando unha actitude de tolerancia, interese e respecto.	Coñecer as características definitorias, dadas na unidade, en relación á linguaxe da música e da danza nas principais culturas do mundo, identificando os instrumentos e os trazos estilísticos.		
CA1.5 - Coñecer, respectar e valorar aos axentes que interveñen no proceso creativo e interpretativo dunha obra artística, musical, escénica e dancística, a través do patrimonio cultural propio e alleo, identificando os trazos estilísticos que os caracterizan.	Manter o silencio e o respecto nas actividades de escoita, análise e visionado valorando o patrimonio cultural través da identificación das súas especificidades.	TI	60
CA2.1 - Participar, con iniciativa, confianza e creatividade, na exploración de técnicas musicais e dancísticas de maior complexidade, por medio da interpretación e de improvisacións libres e pautadas, individuais ou grupais, nas que se empreguen a voz, o corpo, instrumentos musicais ou ferramentas tecnolóxicas.	Interpretar instrumental ou vocalmente pezas doutras culturas e improvisar con escalas pentatónicas, a partir dunhas pautas dadas na aula, aplicando tamén ferramentas tecnolóxicas na gravación final.		
CA2.2 - Elaborar pezas musicais ou dancísticas estruturadas a partir de actividades de improvisación, seleccionando as técnicas do repertorio persoal de recursos máis adecuadas á intención expresiva.	Interpretar coreográficamente unha peza estruturada empregando elementos improvisados, pautados ou libres, impartidos na unidade.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Ler partituras sinxelas, identificando os elementos básicos da linguaxe musical e analizando de forma guiada as estruturas das pezas, con ou sen apoio da audición.	Ler partituras ou fragmentos de melodías doutras culturas que fosen traballados na unidade, identificando os seus elementos rítmicos, harmónicos e formais.		
CA2.4 - Empregar diferentes técnicas de interpretación vocal, corporal ou instrumental, aplicando estratexias de memorización e valorando os ensaios como espazos de escoita e de aprendizaxe.	Interpretar instrumental, vocal ou corporalmente e de memoria unha peza musical representativa doutras culturas, aplicando as técnicas adecuadas aprendidas na aula.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Obras musicais, escénicas e dancísticas: análise descritiva das súas características máis relevantes. Xéneros musicais e dancísticos. - Uso práctico a través da análise dos elementos da linguaxe musical nas obras traballadas: parámetros do son, harmonía, textura, forma. - Voces e instrumentos. Evolución, características e agrupacións. Relevancia nas distintas etapas. - Concertos, actuacións musicais e manifestacións artístico-musicais en vivo e rexistradas. - Actitude de respecto e valoración na recepción musical. - A partitura: lectura rítmica e melódica. A escritura musical. - Coñecemento práctico dos elementos da linguaxe musical como instrumento efectivo nas actividades de creación e interpretación: signos convencionais de representación dos parámetros do son (altura, intensidade e duración). - Tonalidade: modulación, intervalos, acordes, funcións harmónicas, progresións harmónicas, cadencias. Escalas modais. - Texturas musicais. Formas musicais simples e complexas. Agóxica e dinámica. - Técnicas básicas para a interpretación individual e grupal: técnicas vocais, instrumentais (instrumentos orff ou outros obxectos de son), corporais con ou sen movemento e dancísticas. Técnicas de estudo e de control de emocións. - Técnicas de improvisación guiada e libre, individuais e grupais: improvisación rítmica e melódica, vocal, instrumental (instrumentos orff ou outros obxectos de son) e corporal con ou sen movemento e dancística. - Silencio, escoita activa, interiorización do pulso, atención ás indicacións da dirección e ao resto dos intérpretes, memoria, adecuación ao conxunto, empaste. - O ensaio: espazo de escoita activa e de aprendizaxe. - Repertorio vocal, instrumental (instrumentos orff ou outros obxectos de son), corporal e coreográfico tanto individual coma grupal de distintos xéneros musicais e escénicos, de diferentes épocas e culturas, con especial atención á música galega. - Actitudes de respecto, compromiso e colaboración na participación activa en actividades musicais e durante todo o proceso, desde a planificación e a preparación ata a posta en escena. - Tradicións musicais e dancísticas doutras culturas do mundo: funcións, pervivencia e influencias noutros estilos musicais.

UD	Título da UD	Duración
7	A música e a danza en Galicia	4

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Analizar obras ou fragmentos, musicais e dancísticos de diferentes épocas e culturas, gravados ou en directo, identificando os seus trazos estilísticos e os seus aspectos técnicos, explicando a súa relación co contexto e evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na escoita ou no visionamento destas.	Analizar a través da escoita ou visionado obras ou fragmentos da música galega máis emblemática, identificando as súas características básicas, instrumentos e rasgos estilísticos que a definen.	PE	40
CA3.1 - Coñecer a historia da música en España, en Galicia e noutras culturas do mundo a través de obras ou fragmentos musicais e dancísticos, identificando os seus principais trazos estilísticos e características, explicando a súa relación co contexto no que foron creados e manifestando unha actitude de tolerancia, interese e respecto.	Coñecer as características máis definitorias da música tradicional galega en relación á historia e á linguaxe musical e dancística identificando os instrumentos e os trazos estilísticos.		
CA1.4 - Coñecer a organización, os procedementos e os elementos da linguaxe musical e dancística que nos permiten analizar e encadrar unha obra artística ou un fragmento no contexto cultural e histórico ao que pertence, utilizando ferramentas dixitais de recepción e de procura fidedigna de información.	Coñecer a través da investigación, da análise de partituras, da lectura musical e da escoita ou visionado, os elementos da linguaxe musical e dancística que caracterizan a música e a danza de Galicia		
CA1.5 - Coñecer, respectar e valorar aos axentes que interveñen no proceso creativo e interpretativo dunha obra artística, musical, escénica e dancística, a través do patrimonio cultural propio e alleo, identificando os trazos estilísticos que os caracterizan.	Manter o silencio e o respecto nas actividades de escoita, análise e visionado, valorando o patrimonio cultural través da identificación das súas especificidades.	TI	60
CA1.6 - Identificar, analizar e valorar as características culturais e sociais, así como os elementos propios da linguaxe musical e dancística que definen o patrimonio galego.	Coñecer e valorar a través da análise e da escoita, os elementos máis identificativos da linguaxe musical e dancística galega traballados na unidade.		
CA2.2 - Elaborar pezas musicais ou dancísticas estruturadas a partir de actividades de improvisación, seleccionando as técnicas do repertorio persoal de recursos máis adecuadas á intención expresiva.	Interpretar dancisticamente unha coreografía dos bailes típicos de Galicia (muiñeira e xota), con partes improvisatorias pautadas.		
CA2.3 - Ler partituras sinxelas, identificando os elementos básicos da linguaxe musical e analizando de forma guiada as estruturas das pezas, con ou sen apoio da audición.	Ler partituras ou fragmentos de melodías da temática da unidade, identificando os seus elementos rítmicos, harmónicos e formais.		
CA2.4 - Empregar diferentes técnicas de interpretación vocal, corporal ou instrumental, aplicando estratexias de memorización e valorando os ensaios como espazos de escoita e de aprendizaxe.	Interpretar instrumental e vocalmente de memoria, cancións representativas da música tradicional galega impartidas na unidade, aplicando as técnicas adecuadas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.8 - Interpretar a través da danza, da voz, do corpo ou dos instrumentos -en formación orquestral ou vocal, con ou sen acompañamento instrumental- diferentes pezas musicais e manifestacións artísticas con elementos propios da cultura galega.	Interpretar en agrupación vocal ou orquestral as cancións ou melodías da música galega impartidas na unidade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Obras musicais, escénicas e dancísticas: análise descritiva das súas características máis relevantes. Xéneros musicais e dancísticos. - Uso práctico a través da análise dos elementos da linguaxe musical nas obras traballadas: parámetros do son, harmonía, textura, forma. - Voces e instrumentos. Evolución, características e agrupacións. Relevancia nas distintas etapas. - Compositores e compositoras, artistas, intérpretes e agrupacións internacionais, nacionais, rexionais e locais, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia. - Concertos, actuacións musicais e manifestacións artístico-musicais en vivo e rexistradas. - Actitude de respecto e valoración na recepción musical. - A partitura: lectura rítmica e melódica. A escritura musical. - Coñecemento práctico dos elementos da linguaxe musical como instrumento efectivo nas actividades de creación e interpretación: signos convencionais de representación dos parámetros do son (altura, intensidade e duración). - Tonalidade: modulación, intervalos, acordes, funcións harmónicas, progresións harmónicas, cadencias. Escalas modais. - Texturas musicais. Formas musicais simples e complexas. Agónica e dinámica. - Técnicas básicas para a interpretación individual e grupal: técnicas vocais, instrumentais (instrumentos orff ou outros obxectos de son), corporais con ou sen movemento e dancísticas. Técnicas de estudo e de control de emocións. - Técnicas de improvisación guiada e libre, individuais e grupais: improvisación rítmica e melódica, vocal, instrumental (instrumentos orff ou outros obxectos de son) e corporal con ou sen movemento e dancística. - Silencio, escoita activa, interiorización do pulso, atención ás indicacións da dirección e ao resto dos intérpretes, memoria, adecuación ao conxunto, empaste. - O ensaio: espazo de escoita activa e de aprendizaxe. - Repertorio vocal, instrumental (instrumentos orff ou outros obxectos de son), corporal e coreográfico tanto individual coma grupal de distintos xéneros musicais e escénicos, de diferentes épocas e culturas, con especial atención á música galega. - Actitudes de respecto, compromiso e colaboración na participación activa en actividades musicais e durante todo o proceso, desde a planificación e a preparación ata a posta en escena. - Historia da música e da danza en España e en Galicia: períodos, características principais, xéneros, voces, instrumentos e agrupacións.

UD	Título da UD	Duración
8	A música e a danza en España	22

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Analizar obras ou fragmentos, musicais e dancísticos de diferentes épocas e culturas, gravados ou en directo, identificando os seus trazos estilísticos e os seus aspectos técnicos, explicando a súa relación co contexto e evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na escoita ou no visionamento destas.	Analizar a través da escoita ou visionado as obras ou fragmentos impartidos nesta unidade, identificando as súas características básicas, instrumentos e rasgos estilísticos.	PE	40
CA3.1 - Coñecer a historia da música en España, en Galicia e noutras culturas do mundo a través de obras ou fragmentos musicais e dancísticos, identificando os seus principais trazos estilísticos e características, explicando a súa relación co contexto no que foron creados e manifestando unha actitude de tolerancia, interese e respecto.	Coñecer as características, instrumentos e trazos estilísticos máis definitorias en relación á historia e á linguaxe musical e dancística, evidenciando respecto, tolerancia e interese.		
CA1.4 - Coñecer a organización, os procedementos e os elementos da linguaxe musical e dancística que nos permiten analizar e encadrar unha obra artística ou un fragmento no contexto cultural e histórico ao que pertence, utilizando ferramentas dixitais de recepción e de procura fidedigna de información.	Coñecer a través da investigación, da análise de partituras, da lectura musical e da escoita ou visionado, os elementos básicos da linguaxe musical e dancística das mostras impartidas na unidade.	TI	60
CA1.5 - Coñecer, respectar e valorar aos axentes que interveñen no proceso creativo e interpretativo dunha obra artística, musical, escénica e dancística, a través do patrimonio cultural propio e alleo, identificando os trazos estilísticos que os caracterizan.	Manter o silencio e o respecto nas actividades de escoita, análise e visionado, valorando o patrimonio cultural das músicas do mundo a través da identificación das súas especificidades.		
CA2.3 - Ler partituras sinxelas, identificando os elementos básicos da linguaxe musical e analizando de forma guiada as estruturas das pezas, con ou sen apoio da audición.	Ler partituras ou fragmentos das melodías traballadas na unidade, identificando os seus elementos rítmicos, harmónicos e formais.		
CA2.4 - Empregar diferentes técnicas de interpretación vocal, corporal ou instrumental, aplicando estratexias de memorización e valorando os ensaios como espazos de escoita e de aprendizaxe.	Interpretar instrumental, vocal ou corporalmente e de memoria as pezas representativas da música tradicional española, aplicando as técnicas adecuadas traballadas nesta unidade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Obras musicais, escénicas e dancísticas: análise descritiva das súas características máis relevantes. Xéneros musicais e dancísticos. - Uso práctico a través da análise dos elementos da linguaxe musical nas obras traballadas: parámetros do son, harmonía, textura, forma. - Voces e instrumentos. Evolución, características e agrupacións. Relevancia nas distintas etapas. - Compositores e compositoras, artistas, intérpretes e agrupacións internacionais, nacionais, rexionais e locais, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia. - Concertos, actuacións musicais e manifestacións artístico-musicais en vivo e rexistradas. - Actitude de respecto e valoración na recepción musical. - A partitura: lectura rítmica e melódica. A escritura musical.

Contidos

- Coñecemento práctico dos elementos da linguaxe musical como instrumento efectivo nas actividades de creación e interpretación: signos convencionais de representación dos parámetros do son (altura, intensidade e duración).
- Tonalidade: modulación, intervalos, acordes, funcións harmónicas, progresións harmónicas, cadencias. Escalas modais.
- Texturas musicais. Formas musicais simples e complexas. Agónica e dinámica.
- Técnicas básicas para a interpretación individual e grupal: técnicas vocais, instrumentais (instrumentos orff ou outros obxectos de son), corporais con ou sen movemento e dancísticas. Técnicas de estudo e de control de emocións.
- Silencio, escoita activa, interiorización do pulso, atención ás indicacións da dirección e ao resto dos intérpretes, memoria, adecuación ao conxunto, empaste.
- O ensaio: espazo de escoita activa e de aprendizaxe.
- Repertorio vocal, instrumental (instrumentos orff ou outros obxectos de son), corporal e coreográfico tanto individual coma grupal de distintos xéneros musicais e escénicos, de diferentes épocas e culturas, con especial atención á música galega.
- Actitudes de respecto, compromiso e colaboración na participación activa en actividades musicais e durante todo o proceso, desde a planificación e a preparación ata a posta en escena.
- Historia da música e da danza en España e en Galicia: períodos, características principais, xéneros, voces, instrumentos e agrupacións.

UD	Título da UD	Duración
9	A música nas artes escénicas	9

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Analizar obras ou fragmentos, musicais e dancísticos de diferentes épocas e culturas, gravados ou en directo, identificando os seus trazos estilísticos e os seus aspectos técnicos, explicando a súa relación co contexto e evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na escoita ou no visionamento destas.	Analizar a través da escoita ou visionado, obras ou fragmentos das artes escénicas impartidos na unidade, identificando as súas características básicas e rasgos estilísticos que os definen.	PE	40
CA1.2 - Valorar criticamente os hábitos, os gustos e os referentes musicais e dancísticos de diferentes épocas e culturas, reflexionando sobre a súa evolución e sobre a súa relación cos do presente e desmitificando os estereotipos referidos aos roles de xénero no ámbito da música e da danza.	Aprender a valorar, a través do visionado, as diferentes manifestacións artísticas escénicas, sen os prexuízos dos roles de xénero.		
CA3.2 - Coñecer e valorar criticamente todo tipo de manifestacións musicais e escénicas do século XX ata a actualidade, tanto no cinema coma na música popular urbana e noutros medios artísticos, audiovisuais e tecnolóxicos, a través da identificación das súas especificidades e reflexionando sobre a súa evolución e a súa relación cos do presente.	Coñecer e valorar as artes escénicas, as súas características definitorias e a presenza e relevancia na actualidade.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Coñecer a organización, os procedementos e os elementos da linguaxe musical e dancística que nos permiten analizar e encadrar unha obra artística ou un fragmento no contexto cultural e histórico ao que pertence, utilizando ferramentas dixitais de recepción e de procura fidedigna de información.	Coñecer a través da investigación, da análise de partituras, da lectura musical e da escoita ou visionado, os elementos da linguaxe musical e dancística que caracterizan as artes escénicas.	TI	60
CA1.5 - Coñecer, respectar e valorar aos axentes que interveñen no proceso creativo e interpretativo dunha obra artística, musical, escénica e dancística, a través do patrimonio cultural propio e alleo, identificando os trazos estilísticos que os caracterizan.	Manter o silencio e o respecto nas actividades de escoita, análise e visionado, valorando o patrimonio musical escénico a través da identificación das súas especificidades.		
CA2.5 - Interpretar con corrección e expresividade un repertorio de pezas musicais e dancísticas, individuais e grupais, de diferentes xéneros e estilos, dentro e fóra da aula, xestionando a ansiedade e o medo escénico e mantendo a concentración.	Interpretar con corrección, controlando emocións e expresividade, unha danza ou performance da temática da unidade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Obras musicais, escénicas e dancísticas: análise descritiva das súas características máis relevantes. Xéneros musicais e dancísticos. - Comentario razoado, crítico e respectuoso, tanto verbal coma escrito -uso de vocabulario adecuado-, de eventos musicais, coreográficos e escénicos, gravados ou en directo, propios ou alleos. - Acción escénica e coreográfica, espazo sonoro, interpretación expresiva e técnica, acción narrativa, escenografía, iluminación, útiles, caracterización e vestuario. - Uso práctico a través da análise dos elementos da linguaxe musical nas obras traballadas: parámetros do son, harmonía, textura, forma. - Compositores e compositoras, artistas, intérpretes e agrupacións internacionais, nacionais, rexionais e locais, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia. - Concertos, actuacións musicais e manifestacións artístico-musicais en vivo e rexistradas. - Actitude de respecto e valoración na recepción musical. - A partitura: lectura rítmica e melódica. A escritura musical. - Coñecemento práctico dos elementos da linguaxe musical como instrumento efectivo nas actividades de creación e interpretación: signos convencionais de representación dos parámetros do son (altura, intensidade e duración). - Tonalidade: modulación, intervalos, acordes, funcións harmónicas, progresións harmónicas, cadencias. Escalas modais. - Texturas musicais. Formas musicais simples e complexas. Agónica e dinámica. - Técnicas básicas para a interpretación individual e grupal: técnicas vocais, instrumentais (instrumentos orff ou outros obxectos de son), corporais con ou sen movemento e dancísticas. Técnicas de estudo e de control de emocións. - Técnicas de improvisación guiada e libre, individuais e grupais: improvisación rítmica e melódica, vocal, instrumental (instrumentos orff ou outros obxectos de son) e corporal con ou sen movemento e dancística. - Silencio, escoita activa, interiorización do pulso, atención ás indicacións da dirección e ao resto dos intérpretes, memoria, adecuación ao conxunto, empaste. - O ensaio: espazo de escoita activa e de aprendizaxe.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Planificación e execución de proxectos musicais e audiovisuais: emprego da voz, do corpo, dos instrumentos musicais, dos medios e das aplicacións tecnolóxicas. - Repertorio vocal, instrumental (instrumentos orff ou outros obxectos de son), corporal e coreográfico tanto individual coma grupal de distintos xéneros musicais e escénicos, de diferentes épocas e culturas, con especial atención á música galega. - Recursos para a creación e gravación de produtos musicais e audiovisuais. Ferramentas dixitais para a creación musical. Secuenciadores, editores de partituras e aplicacións informáticas. - Actitudes de respecto, compromiso e colaboración na participación activa en actividades musicais e durante todo o proceso, desde a planificación e a preparación ata a posta en escena. - O son e a música nos medios audiovisuais e nas tecnoloxías dixitais. A música ao servizo doutras artes e linguaxes.

UD	Título da UD	Duración
10	Todos a escena!	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.6 - Planificar e desenvolver, con creatividade, propostas artístico-musicais, tanto individuais coma colaborativas, seleccionando, de entre os dispoñibles, os medios musicais e dancísticos máis oportunos, así como as ferramentas analóxicas ou dixitais máis adecuadas, respectando e valorando o consumo responsable nas diferentes plataformas e redes sociais.	Presentar o deseño dun proxecto creativo a partir das propostas traballadas no curso, das ferramentas tecnolóxicas e dixitais, e das interpretacións musicais e dancísticas tanto propias como alleas.	PE	40
CA2.5 - Interpretar con corrección e expresividade un repertorio de pezas musicais e dancísticas, individuais e grupais, de diferentes xéneros e estilos, dentro e fóra da aula, xestionando a ansiedade e o medo escénico e mantendo a concentración.	Interpretar o repertorio traballado no curso, de pezas musicais en formación orquestral ou dancísticas en grupo	TI	60
CA2.7 - Participar activamente na planificación e na execución de propostas artístico-musicais colaborativas, asumindo diferentes funcións, valorando as achegas do resto de integrantes do grupo e identificando diversas oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional.	Participar con interese na planificación e execución dunha proposta artístico-musical colaborativa, manifestando respecto aos demais e desempeñando con corrección a función asignada.		
CA2.8 - Interpretar a través da danza, da voz, do corpo ou dos instrumentos -en formación orquestral ou vocal, con ou sen acompañamento instrumental- diferentes pezas musicais e manifestacións artísticas con elementos propios da cultura galega.	Interpretar con corrección a través da voz, dos instrumentos musicais e da danza, as pezas musicais ou dancísticas da cultura galega traballadas no curso.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Técnicas básicas para a interpretación individual e grupal: técnicas vocais, instrumentais (instrumentos orff ou outros obxectos de son), corporais con ou sen movemento e dancísticas. Técnicas de estudo e de control de emocións.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Silencio, escoita activa, interiorización do pulso, atención ás indicacións da dirección e ao resto dos intérpretes, memoria, adecuación ao conxunto, empaste. - O ensaio: espazo de escoita activa e de aprendizaxe. - Planificación e execución de proxectos musicais e audiovisuais: emprego da voz, do corpo, dos instrumentos musicais, dos medios e das aplicacións tecnolóxicas. - Concertos en formación orquestral, vocal con ou sen acompañamento instrumental e actos escénico-dancísticos do alumnado. Xestión de emocións, ansiedade, medo escénico. - Repertorio vocal, instrumental (instrumentos orff ou outros obxectos de son), corporal e coreográfico tanto individual coma grupal de distintos xéneros musicais e escénicos, de diferentes épocas e culturas, con especial atención á música galega. - Recursos para a creación e gravación de produtos musicais e audiovisuais. Ferramentas dixitais para a creación musical. Secuenciadores, editores de partituras e aplicacións informáticas. - Actitudes de respecto, compromiso e colaboración na participación activa en actividades musicais e durante todo o proceso, desde a planificación e a preparación ata a posta en escena.

UD	Título da UD	Duración
11	A linguaxe da música	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Coñecer a organización, os procedementos e os elementos da linguaxe musical e dancística que nos permiten analizar e encadrar unha obra artística ou un fragmento no contexto cultural e histórico ao que pertence, utilizando ferramentas dixitais de recepción e de procura fidedigna de información.	Analizar e investigar sobre os elementos da linguaxe musical e o contexto histórico ao que pertencen, as obras ou fragmentos das unidades do curso, usando as ferramentas dixitais.	PE	40
CA2.3 - Ler partituras sinxelas, identificando os elementos básicos da linguaxe musical e analizando de forma guiada as estruturas das pezas, con ou sen apoio da audición.	Ler rítmica e melódicamente as partituras traballadas no curso, aplicando con corrección as células rítmicas, compases, escalas, matices, etc., impartidos en cada unidade.	TI	60
CA2.5 - Interpretar con corrección e expresividade un repertorio de pezas musicais e dancísticas, individuais e grupais, de diferentes xéneros e estilos, dentro e fóra da aula, xestionando a ansiedade e o medo escénico e mantendo a concentración.	Interpretar con corrección e expresividade, vocal ou instrumentalmente, as partituras traballadas ao longo do curso, tanto na voz de melodía como de acompañamento en formación vocal ou orquestral		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Uso práctico a través da análise dos elementos da linguaxe musical nas obras traballadas: parámetros do son, harmonía, textura, forma. - A partitura: lectura rítmica e melódica. A escritura musical. - Coñecemento práctico dos elementos da linguaxe musical como instrumento efectivo nas actividades de creación e interpretación: signos convencionais de representación dos parámetros do son (altura, intensidade e duración).

Contidos

- Tonalidade: modulación, intervalos, acordes, funcións harmónicas, progresións harmónicas, cadencias. Escalas modais.
- Texturas musicais. Formas musicais simples e complexas. Agónica e dinámica.
- Recursos para a creación e gravación de produtos musicais e audiovisuais. Ferramentas dixitais para a creación musical. Secuenciadores, editores de partituras e aplicacións informáticas.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Esta programación consta de once unidades didácticas arredor de diferentes centros de interese: o jazz, a música popular urbana, a música nos medios e producións audiovisuais, as músicas do mundo, a música en España e Galicia, a música nas artes escénicas. Non obstante, as dúas últimas unidades desta programación, aínda que figuran no 3º trimestre, están pensadas para ser aplicadas ao longo do curso nas diferentes unidades, xa que os coñecementos da linguaxe e das destrezas musicais interpretativas son acumulativos. O mesmo sucede coas dúas primeiras unidades, xa que os seus contidos son transversais na materia de música; polo tanto, a súa aplicación non ten por qué ser lineal no tempo. Por exemplo, á vez que traballamos a unidade sobre música popular urbana, podemos engadir contidos doutras unidades relativos á música e tecnoloxía, ou preparar ao alumnado para actuar en público.

Ademais do anterior, as directrices metodolóxicas a seguir nesta programación son as seguintes:

- A asimilación dos distintos bloques de contidos partirá sempre da práctica para logo pasar á teorización. É dicir, a base desta programación é aprender facendo.
- A planificación do ensino ten sempre como base a vivir a experiencia da música a través da interpretación, da análise crítica, da creación e da escoita activa de distintas propostas artísticas.
- Os criterios de avaliación están directamente relacionados cos obxectivos propostos. Superar con éxito os criterios de avaliación amosa o grao de adquisición destes obxectivos por parte do alumnado.
- Diseñaránse diferentes situacións de aprendizaxe, que incluírán procedementos diversos para traballar os contidos e sempre partindo dunha visión global onde os novos coñecementos aprendidos completen e conecten cos coñecementos previos do alumnado. Terán así mesmo en conta, os diferentes ritmos de aprendizaxe que coexisten no contexto da aula e a atención á diversidade, propoñendo sempre mecanismos de reforzo para as dificultades que se detecten.
- Terase en conta e farase destacable a través dos contidos transversais a importancia da relación entre a materia de Música e outras materias como a Ed. Física, a Ed. Plástica a Historia ou as Matemáticas.
- Promoverase nas distintas unidades o traballo en equipo e a capacidade emprendedora, dada a natureza grupal e creativa desta materia, realizando proxectos colaborativos entre o alumnado onde se poidan aplicar técnicas de reforzo da autoestima, da autonomía, da reflexión e da meditación sobre o grao de responsabilidade de cada un no conxunto do proxecto.
- Utilizaranse distintos tipos de actividades segundo a natureza das unidades: actividades introductorias ou de presentación dos contidos, para descubrir os coñecementos previos do alumnado, e actividades de motivación ou descubrimento, de desenvolvemento e consolidación, de avaliación, de reforzo e recuperación e de ampliación dos contidos nos casos que sexa necesario.
- Por último, destacar os principios metodolóxicos nos que se basea esta programación, como son a práctica e a motivación, a interrelación entre contidos e materias, a aprendizaxe significativa e funcional, a creatividade, a atención personalizada, a actitude analítica e a socialización.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Caderno de exercicios e información sobre os temas a traballar
Instrumentos melódicos e rítmicos: frauta e instrumentos ORFF

Audios e vídeos sobre os temas a traballar
Apps e programas informáticos: Musescore e Audacity
Aula Virtual
Ritmogramas para facer percusión corporal ou con palillos chineses
Musicogramas para o seguimento de audicións

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A Avaliación inicial no 4º curso de ESO terá por obxecto averiguar os coñecementos musicais e dancísticos previos que aprendeu e lembra o alumnado dos cursos anteriores (2º e 3º).

Na primeira unidade, ademais de coñecer, analizar e reflexionar sobre a importancia do silencio na música e das consecuencias para a nosa saúde do uso indiscriminado e da contaminación sonora, faremos un repaso dos contidos de linguaxe musical, de lectura de partituras e de práctica instrumental e vocal. Con estas actividades comprobaremos as destrezas adquiridas en anteriores cursos.

1. Interpretaranse algunhas melodías sinxelas cun instrumento melódico, como placas ou freuta dulce. Con esta tarefa comprobaremos as destrezas motrices aplicadas á rítmica, á memoria harmónica e melódica e á capacidade de escoita para adecuarse ao conxunto.

2. Realizaranse exercicios de lectura rítmica e melódica, e interpretación de pequenas partituras (4/8 compases). Con esta actividade avaliaremos o grao de interiorización rítmico-melódico e a capacidade de interpretación dos códigos da linguaxe musical.

4. Realización dun Kahoot sobre contidos traballados en 2º e 3º ESO.

Con estas actividades de avaliación o alumnado informaranos sobre os coñecementos previos que posúe e o grao de asimilación. Para avaliar as actividades prácticas usaremos a observación e as táboas de indicadores específicas con diferentes items que reflectan as capacidades psicomotrices, rítmicas, auditivas e interpretativas do alumnado.

Outras cuestións como as destrezas no movemento e danza ou o manexo da tecnoloxía irémolas avaliando nas sucesivas unidades.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	5	5	10	10	10	5	5	25	5	10
Proba escrita	40	40	40	40	40	40	40	40	40	40
Táboa de indicadores	60	60	60	60	60	60	60	60	60	60

Unidade didáctica	UD 11	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	100
Proba escrita	40	40
Táboa de indicadores	60	60

Criterios de cualificación:

Procedementos de avaliación

- Parte teórica: farase un exame escrito de teoría por trimestre, que se valorará sobre 6.
- Parte práctica: faranse tres controis prácticos por trimestre que se valorarán cun punto cada un. Un será a lectura e interpretación instrumental coa frauta ou outro instrumento melódico dunha peza sinxela, e os outros dous controis poderán ser algún traballo realizado na aula de informática (como edición con museScore ou unha presentación de diapositivas), ou outro traballo individual ou grupal de canto, danza ou percusión corporal.
- O punto restante ata o 10 achegaráo a actitude e o traballo de clase. Procedementos de recuperación

Criterios de avaliación

- Para aprobar cada trimestre é necesario alcanzar unha puntuación de 3 no exame escrito, e de 0.5 en cada unha das actividades prácticas propostas, que serán polo menos tres.
- Suspenderase o trimestre de non presentarse o alumno ao exame escrito ou a algún dos controis, a non ser que a falta sexa xustificable por unha causa de forza maior e no posible, documentalmente (xustificante médico, citación do xulgado etc.)
- É imprescindible a asistencia regular a clase, a puntualidade, traer o material de traballo (caderno pequeno e bólgrafo), así como un comportamento correcto en clase e unha boa actitude cara á materia.

Criterios de cualificación

- A nota da avaliación será a suma das cualificacións do exame escrito, dos controis da parte práctica e do traballo de clase. O aprobado alcanzarase cando a suma sexa un 5.
- Unha vez superado o terceiro trimestre, a nota final do curso será a nota media das cualificacións dos tres trimestres. Unha vez feita a media, redondearase cara arriba a partir da sexta décima.
- Sobe a cualificación do trimestre, a asistencia aos concertos didácticos no Auditorio en caso de habelos e a participación en actividades musicais relacionadas con conmemoracións, biblioteca etc.

Criterios de recuperación:

- Parte teórica: non se farán exames de recuperación despois de cada trimestre, excepto no terceiro. Xa que os contidos son progresivos, a parte teórica do primeiro trimestre recupérase superando o teórico do segundo e leste superando o exame teórico do terceiro trimestre.
- Parte práctica: o alumnado que non entregou algún traballo ou non fixo algún dos controis prácticos dun trimestre suspenso debe entregalo obrigatoriamente no seguinte.

6. Medidas de atención á diversidade

Prestarase especial atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, ofrecendo diferentes formas de organización dos espazos e tempos da clase, así como metodoloxías variadas que permitan a todo o alumnado seguir as explicacións e actividades propostas. O obxectivo fundamental é asegurar a normalización, inclusión e non-discriminación deste alumnado coa fin de que poida acceder a unha educación de calidade con igualdade de condicións.

Debido a que o grupo de cuarto é pequeno non haberá problema real na atención do alumnado con necesidades educativas especiais, que neste grupo redúcese a unha alumna, que ademais ten a materia pendente de terceiro. Con todo, para a atención á diversidade do alumnado de educación secundaria obrigatoria estarase ao disposto no Decreto 229/2011, de 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

Algunhas posibles ferramentas para organizar a atención á diversidade serán:

1. Organizar ao alumnado en diferentes agrupamentos nas actividades segundo os seus intereses e motivacións.
2. Utilizar materiais variados en ditas actividades: escritos, audiovisuais, etc.
3. Aplicar diversas técnicas e metodoloxías para explicar un mesmo contido.
4. Manter o contacto permanente con este alumnado a través de entrevista persoal para saber que parte da asignatura cóstalles máis seguir.
5. Ofrecerlle tempo extra para asimilar as explicacións (por exemplo algún recreo a semana para consultar dúbidas) e para resolver probas específicas. A profesora estará a disposición do alumnado tres recreos á semana, e través da Aula Virtual.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Autonomía	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Traballo en equipo, emprendemento social e empresarial	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Igualdade entre sexos		X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Consumo responsable: fomento do espírito crítico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Respeto mutuo: educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Competencia dixital e comunicación audiovisual					X			

	UD 9	UD 10	UD 11
ET.1 - Comprensión lectora	X		
ET.2 - Creatividade	X	X	X
ET.3 - Autonomía	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11
ET.4 - Traballo en equipo, emprendemento social e empresarial	X	X	X
ET.5 - Igualdade entre sexos	X	X	
ET.6 - Consumo responsable: fomento do espírito crítico	X	X	
ET.7 - Respeto mutuo: educación emocional e en valores	X	X	X
ET.8 - Expresión oral e escrita	X		
ET.9 - Competencia dixital e comunicación audiovisual	X	X	X

Observacións:

- Comprensión lectora: Traballarase principalmente nas unidades 1-9 a través dos textos para analizar aprender os contidos teóricos.
- Creatividade: traballarase en todas as unidades a través da interpretación musical e dancística, a creación e uso de tecnoloxías, creación de letras, improvisación...
- Autonomía: traballarase en todas as unidades a través de actividades de improvisación, creación de contidos e proxectos propios tanto a nivel individual como grupal.
- Traballo en equipo, emprendemento social e empresarial en todas as unidades. Actividades que implican creación e interpretación de proxectos grupais.
- Igualdade entre sexos: unidades 2-10. Utilización de obras de diversos estilos e épocas compostas tanto por homes como por mulleres, fomentando especialmente o repertorio composto por mulleres e intérpretes femininas.
- Consumo responsable: fomento do espírito crítico. Unidades 1-9. A través da comprensión dos elementos que conforman a música e dos distintos estilos e xéneros musicais o alumnado conformará unha opinión obxectiva e crítica e isto contribuirá a fomentar un consumo musical responsable .
- Respeto mutuo: educación emocional e en valores. Todas as unidades. Actividades musicais grupais nas que é primordial respectar as producións musicais dos demais e axudarse mutuamente para conseguir un son de conxunto.
- Expresión oral e escrita: unidades 1-9. A través da redacción de textos explicativos da análise de audicións ou partituras, traballos de investigación e de exposición oral.
- Competencia dixital e comunicación audiovisual: unidades 5, 9, 10 e 11 a través da creación de proxectos audiovisuais con ferramentas dixitais, gravación e edición de eventos musicais que engloben non só música e danza, senón tamén propostas audiovisuais que as acompañen, creando así unha performance global. Coa edición de partituras.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Actuacións e concertos do alumnado	As pezas musicais, dancísticas ou escénicas traballadas ao longo do curso interpretaranse en público en Nadal, nas datas de conmemoracións, ou a final de curso.			X

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Asistencia como público a concertos didácticos	Propiciarase a asistencia do grupo a concerto/s didáctico/s tanto no Centro como fóra, para poñer en práctica as normas de comportamento aprendidas na clase, así como vivir a experiencia de escoitar música en directo		X	

Observacións:

Temos programada a asistencia a un concerto didáctico da Real Filharmonía de Galicia no Auditorio de Galicia. Será en abril de 2024.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuación do nivel de dificultade ás necesidades do alumnado. Adecuación á temporalización das unidades didácticas. Utilización de distintas ferramentas de avaliación.
Metodoloxía empregada
Participación activa de todo o alumnado. Utilización de distintas estratexias metodolóxicas en función das unidades didácticas
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Adecuación dos espazos e recursos a cada actividade
Medidas de atención á diversidade
Efectividade das medidas de atención a diversidade.
Clima de traballo na aula
Cooperación entre o alumnado, calidade do traballo grupal
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Apoio e implicación por parte das familias no traballo do alumnado

Descrición:

A programación é un documento aberto e susceptible de cambios segundo observemos os procedementos que funcionan e os que non. Debe revisarse cada ano coa fin de adaptala mellor á realidade das aulas. A posta en práctica de dita programación é o que nos permite melloralas, recollendo a través dos procedementos de avaliación da propia programación e da práctica docente a información necesaria para reformala. O proceso de avaliación da propia programación e da práctica docente realízase dentro do Departamento coa información recollida polos docentes sobre diferentes aspectos do desenvolvemento da mesma, que debería incluír unha valoración/avaliación dos estudantes, do seu propio proceso de ensino-aprendizaxe, que pode realizarse a través dun cuestionario ou unha entrevista con cada alumno a final de curso. Algúns dos ítems a contemplar para avaliar a propia programación e a

práctica docente mediante rúbrica son os seguintes:

- Comprobación dos obxectivos propostos: valorar se estes se adaptan ao curso; se se poden acadar coas unidades propostas, así como a porcentaxe de alumnado que consegue ditos obxectivos, etc.
- Idoneidade das unidades didácticas propostas: se hai correlación entre obxectivos, contidos e criterios de cualificación nestas, a corrección da temporalización e se contribúen realmente a acadar as competencias clave.
- Utilidade dos materiais didácticos empregados: comprobar se o alumnado os entende, se son variados, se están adaptados para o alumnado con necesidades educativas específicas e de apoio educativo, se inclúen TIC, etc.
- Valoración dos criterios e instrumentos de avaliación e cualificación: se son adecuados e precisos, se os instrumentos de avaliación inclúen métodos cualitativos e cuantitativos, se se inclúen procedementos de recuperación, etc.
- Grao de implicación dos estudantes no proceso de ensino-aprendizaxe: se coñecen os obxectivos propostos, se o repertorio e actividades lles parecen adecuados, se coñecen os criterios de avaliación e cualificación, etc.
- Tido en conta o anterior, elaboración de propostas de mellora.

Os ítems anteriores avaliaranse mediante os indicadores seguintes: ben ou acadado, mal ou non acadado e regular ou mellorable no caso de que sexa acadado, pero que se poida revisar e mellorar.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Para o seguimento da programación, avaliación e propostas de mellora utilizaremos unha táboa de indicadores considerando os ítems expostos no punto anterior: "avaliación do proceso de ensino e práctica docente", valorando para cada un deses ítems o grao de consecución e facendo propostas de mellora naqueles puntos que se observen carencias. Así o procedemento de seguimento e avaliación da programación e da práctica docente farase mediante táboas de indicadores, e preguntas na aula tendo en conta que son poucos alumnos.

A partir da análise dos datos extraídos destes procedementos de seguimento, faranse as correspondentes propostas de mellora.

Dito seguimento farase mensual e trimestralmente acordando en reunión de departamento os cambios a introducir na programación a través da aplicación proens en cada trimestre e a final de curso de cara ao ano seguinte.

9. Outros apartados